

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

12048 *Real decreto 1005/2015, do 6 de novembro, polo que se aproba o Estatuto da Obra Pía dos Santos Lugares.*

Froito da presenza histórica de España en Terra Santa e do intenso esforzo económico e diplomático que a Coroa española levou a cabo no sostemento dos santuarios alí presentes, existe hoxe en día, adscrita ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, unha institución singular na Administración española como é a Obra Pía dos Santos Lugares.

Xa desde os séculos XIII e XIV os monarcas aragoneses envían as primeiras embaixadas ao Exipto mameluco para interceder ante o sultán polos santuarios e polos seus moradores. No ano 1342 os reis de Nápoles, Roberto e Sancha, obteñen do papa Clemente a bula «Gratias Agimus», pola que adquiren os dereitos de padroado sobre algúns santuarios, dereitos que, coa incorporación do dito reino á Coroa española, pasan a constituír a base dunha reivindicación ininterrompida dos nosos monarcas sobre os Santos Lugares. Isto vese fortalecido pola bula de 1510 pola que o papa Xulio II recoñece a Fernando o Católico como rei de Nápoles, que herda por esta vía o título de rei de Xerusalén que desde entón tiveron os reis de España.

A invocación deste padroado sobre os Santos Lugares estará na orixe dunhas inxentes e constantes achegas de España, por medio da Orde Franciscana, ao mantemento da súa presenza en Oriente e que, durante moitos séculos, foron o principal valemto económico da Custodia, a institución franciscana encargada de velar polos santuarios da cristiandade en Terra Santa. En recoñecemento de todo isto, o cargo de procurador da Custodia, responsable da administración dos bens, recaía sempre nun relixioso español, o que foi expresamente confirmado nos estatutos beneditinos de 1746.

Mediante a Real cédula do 17 de decembro de 1772, á vez que reafirma o seu real padroado, Carlos III toma ao seu cargo a xestión directa da institución eclesiástica até entón responsable da recadación e envío dos bens: a Comisaría de Terra Santa. Por decisión do monarca, con estes fondos finánciase a construción da basílica de San Francisco O Grande, que será, ademais, a sede do comisario de Terra Santa.

Ao longo do século XIX prosegue o proceso de estatalización da Obra Pía, que se ve afectada polas normas desamortizadoras. Mediante o Real decreto do 24 de xuño de 1853, a raíña Isabel II, seguindo o ronsel dos seus predecesores, volve reafirmar o seu padroado sobre os Santos Lugares.

Para afianzar os dereitos españois, por medio dese real decreto adscríbese a Obra Pía dos Santos Lugares de Xerusalén ao Ministerio de Estado, de quen dependerá o comisario xeral, e establécese un consulado en Xerusalén, encargado de supervisar a utilización dos fondos remitidos desde España. Por esa época, ademais, a Obra Pía empeza a adquirir as primeiras propiedades no norte de África.

En 1873 a Comisaría de Terra Santa desaparece como órgano autónomo e a xestión da Obra Pía queda encomendada ao departamento correspondente do Ministerio de Estado e, con posterioridade, créase unha xunta do padroado como órgano colexiado para o seu goberno. Máis adiante, mediante a Lei do 3 de agosto de 1886, suprímese a caixa propia e incáutanse as existencias líquidas que pasan a se incorporaren ao Tesouro público. Para o cumprimento das súas obrigacións a Obra Pía terá, a partir de entón, unha asignación orzamentaria a cargo do Ministerio de Estado.

Durante a II República, por Decreto do 26 de maio de 1932 volve restaurarse un órgano colexiado no Ministerio de Estado denominado «Padroado Segrar da Obra Pía», presidido polo titular do departamento e destinado a revitalizar esta institución.

Mediante a Lei do 3 de xuño de 1940 configúrase a Obra Pía como unha institución autónoma do Estado, norma esta que co paso dos anos foi quedando desfasada, moi especialmente tras a promulgación da Constitución española de 1978, a aprobación dun novo marco de relacións coa Igrexa Católica tras os acordos de 1976-1979 coa Santa Sé e, sobre todo, o establecemento dunhas novas bases legais para a Administración española.

Para dar resposta a esta situación, a Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, contén no artigo 3 un novo réxime xurídico desta institución, configurada agora como unha entidade estatal de dereito público.

Na disposición derradeira sexta da dita lei establécese a necesidade, por parte do Goberno, de aprobar, por real decreto, o Estatuto da Obra Pía dos Santos Lugares «co fin de adaptar o réxime do organismo ao disposto nesta lei», e precísase que este estatuto «terá o contido previsto no artigo 62, número primeiro, da Lei 6/1997, do 14 de abril».

Para dar cumprimento a esta obrigaón apróbase este real decreto, que consta dun único artigo aprobatorio do estatuto, tres disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e tres derradeiras.

O estatuto estrutúrase en tres capítulos, nos cales se recollen os distintos aspectos que deberá incluír, de conformidade co artigo 62 da citada Lei 6/1997, do 14 de abril. A natureza e o réxime xurídico da Obra Pía, que queda configurada como unha entidade estatal de dereito público, reflíctense no primeiro capítulo, no cal tamén se sinalan os seus fins, de acordo co establecido na Lei 15/2014, do 16 de setembro, e se detallan con certa precisión as distintas actividades que para o cumprimento deles poderá realizar.

O capítulo segundo dedícase aos órganos de goberno e executivo, que constitúen o principal desenvolvemento deste estatuto respecto á Lei 15/2014, do 16 de setembro. Así, procédese a modificar a composición e funcións da Xunta do Padroado respecto á actual configuración, que data da Lei do 3 de xuño de 1940, actualizando as súas funcións, en liña coas funcións que desenvolven outros órganos colexiados similares nos organismos públicos, e adaptando os vogais natos á configuración actual dos cargos do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Por outro lado, créase a Presidencia desta institución –unha das novidades deste estatuto– e detállanse as súas principais funcións como responsable principal dela. Establécese, así mesmo, a figura do director da Obra Pía como órgano executivo da entidade en quen recae a súa xestión ordinaria.

O réxime económico e de persoal desta entidade recóllese no capítulo III.

De resultas da reforma emprendida coa citada Lei 15/2014, do 16 de setembro, e que culmina coa promulgación deste estatuto, a Obra Pía dos Santos Lugares dótese dunha normativa renovada que lle permite afrontar unha nova etapa na custodia e mantemento dun patrimonio acumulado ao longo de moitos anos e que, tras a sinatura do Acordo do 21 de decembro 1994 entre o Reino de España e a Santa Sé sobre asuntos de interese común en Terra Santa, ofrece renovadas posibilidades para o cumprimento dos obxectivos históricos desta institución.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto da Obra Pía dos Santos Lugares.*

En cumprimento da disposición derradeira sexta da Lei 15/2014, do 16 de setembro, apróbase por medio do presente real decreto o Estatuto da Obra Pía dos Santos Lugares, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal, e o funcionamento do organismo e dos diferentes órganos que se crean terá que se realizar cos medios materiais e persoais de que dispoñen actualmente este organismo e o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Disposición adicional segunda. *Réxime de persoal laboral.*

O actual persoal propio contratado en réxime de dereito laboral pola Obra Pía dos Santos Lugares terá a consideración de «a extinguir». Amortizaranse os postos de traballo que actualmente ocupa cando queden vacantes por falecemento, xubilación ou calquera outra causa legal, e poderanse dar de alta, se for o caso, na mesma condición de persoal laboral, sempre que sexa necesario para garantir a continuidade do exercicio das funcións que veñen desenvolvéndose a través deles, e como persoal do ámbito do Convenio colectivo único da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional terceira. *Adaptación da natureza xurídica.*

De acordo co previsto no artigo 1 do estatuto que se aproba mediante este real decreto, a Obra Pía dos Santos Lugares é unha entidade estatal de dereito público e, tras a entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, deberá adaptarse ao seu contido no prazo de tres anos contados desde a entrada en vigor da dita lei, e rexerá, até que se produza a citada adaptación, pola súa normativa específica.

Disposición transitoria única. *Adaptación da Xunta do Padroado.*

A actual Xunta do Padroado, establecida conforme o estipulado na Lei do 3 de xuño de 1940, continuará exercendo validamente as súas funcións até o momento en que se constitúa a nova xunta de acordo co estipulado no artigo 7 do estatuto. A constitución do novo órgano producirase con ocasión da primeira reunión que celebre a Xunta do Padroado, tras a entrada en vigor do estatuto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 2509/1977, do 5 de agosto, polo que se regula a designación do titular do cargo de vogal nato da Xunta de Padroado da Obra Pía dos Santos Lugares.

2. Quedan derogadas as seguintes ordes:

a) Orde do 1 de setembro de 1941 pola que se transcribe o Regulamento dos servizos de contabilidade, tesouraría-caixa e intervención da Obra Pía dos Santos Lugares de Xerusalén.

b) Orde do 30 de abril de 1953 sobre condicións que deben reunir os vogais natos da Xunta do Padroado da Obra Pía dos Santos Lugares de Xerusalén e a composición da súa Comisión Permanente.

c) Orde do 4 de agosto de 1986 pola que se amplían os vogais natos da Xunta do Padroado da Obra Pía dos Santos Lugares de Xerusalén.

d) Orde AEC/3813/2007, do 3 de decembro, pola que se delega a Presidencia da Xunta do Padroado da Obra Pía dos Santos Lugares de Xerusalén na Subsecretaría de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

3. Queda, así mesmo, derogada calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto neste real decreto e no estatuto que se aproba.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 342/2012, do 10 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.*

O Real decreto 342/2012, do 10 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, queda modificado como segue:

Un. No número 2 do artigo 12 engádesse un novo parágrafo:

«k) A Presidencia da Obra Pía e da Xunta do Padroado do dito organismo.»

Dous. O número 5 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«5. Está adscrita ao ministerio, a través da subsecretaría, a Obra Pía dos Santos Lugares, cuxa presidencia desempeñará o subsecretario, e de quen dependerá o funcionario que, co nivel orgánico que se determine na relación de postos de traballo, desempeñe a dirección da dita entidade, nos termos previstos no seu estatuto.»

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación para que adopte as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ESTATUTO DA OBRA PÍA DOS SANTOS LUGARES

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza xurídica e adscrición.*

A Obra Pía dos Santos Lugares (en diante, Obra Pía) é unha entidade estatal de dereito público, sen fins de lucro, das previstas no artigo 2.1.g) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e integrante do sector público administrativo.

A Obra Pía, con sede en Madrid, está adscrita ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Subsecretaría de Asuntos Exteriores, cuxo titular desempeña a presidencia.

A Obra Pía ten personalidade xurídica, patrimonio propio e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

A Obra Pía rexerese pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas administrativas, polo presente estatuto, pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado e, supletoriamente, polas demais normas que lle resulten aplicables.

A acción exterior da Obra Pía rexerese polos principios reitores da acción exterior do Estado establecidos no artigo 3 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado.

Artigo 3. *Fins.*

1. A Obra Pía ten como fin primordial conservar e xestionar o patrimonio pertencente a esta entidade.

2. Así mesmo, son fins da entidade:

- a) Soster a basílica-museo de San Francisco O Grande de Madrid.
- b) Manter e incrementar a presenza española en Terra Santa.
- c) Promover o estudo da historia da presenza española nos pobos do Mediterráneo e Oriente Medio e, en especial, en Terra Santa.
- d) Coadxugar ao labor humanitario e educativo nesa mesma área.

Artigo 4. *Actividades.*

Para o cumprimento dos seus fins, a Obra Pía poderá:

- a) Administrar e dispor do seu patrimonio tanto en España como no estranxeiro.
- b) Subscribir acordos e convenios de colaboración con entidades públicas e privadas, españolas ou estranxeiras, para o cumprimento dos seus fins.
- c) Promover, organizar e participar en seminarios, conferencias, cursos, exposicións e encontros que versen sobre materias vinculadas aos seus fins.
- d) Conceder subvencións, axudas, e bolsas para a execución de actuacións ou proxectos relacionados cos fins da entidade.
- e) Publicar e divulgar traballos relativos ás súas actividades e fins.
- f) Xestionar museos da súa titularidade.
- g) Realizar calquera outra actividade conducente ao cumprimento dos seus fins.

CAPÍTULO II

Organización

Artigo 5. *Órganos de goberno.*

Son órganos de goberno da Obra Pía a Xunta do Padroado, o presidente e o director. O director actuará como órgano executivo.

Artigo 6. *Composición da Xunta do Padroado.*

1. A Xunta do Padroado é o órgano colexiado de goberno que estará integrado polos seguintes membros:

- a) Presidente, que será o presidente da Obra Pía e gozará de voto de calidade nas súas votacións.
- b) Vicepresidente primeiro, que será o director xeral do Servizo Exterior do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e substituirá o presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.
- c) Vicepresidente segundo, que será o reitor de San Francisco O Grande de Madrid.
- d) Vogal, o director xeral para O Magreb, África, Mediterráneo e Oriente Próximo.
- e) Vogal, o director de Relacións Culturais e Científicas da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
- f) Vogal, o director da Obra Pía.
- g) Até seis vogais designados polo presidente da Obra Pía, oída a Xunta do Padroado, entre persoas de recoñecida competencia e experiencia en materias e áreas de actuación da entidade, que desempeñarán o cargo durante un período de catro anos e poderán ser reelixidos inmediatamente por un novo período de catro anos.

2. Poderán asistir ás reunións da Xunta do Padroado, con voz pero sen voto, cantas persoas sexan convocadas polo seu presidente en calidade de expertas nas materias incluídas na orde do día.

3. A Secretaría da Xunta do Padroado corresponderá a un funcionario pertencente á categoría A1 ou A2, que preste os seus servizos na Subsecretaría de Asuntos Exteriores e de Cooperación e que será designado polo subsecretario, con voz pero sen voto.

4. Os membros da Xunta do Padroado non percibirán ningunha retribución polo desempeño das súas funcións, salvo no caso de comisións de servizo con dereito a indemnización, de conformidade co capítulo II do Real decreto 462/2002, do 24 maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Artigo 7. *Funcionamento da Xunta do Padroado.*

1. A Xunta do Padroado reunirse en sesión ordinaria ao menos dúas veces ao ano e en sesión extraordinaria, sempre que así o xulgue necesario ou conveniente o presidente da entidade, ou o soliciten cinco membros da Xunta do Padroado.

2. O presidente da Xunta do Padroado poderá acordar a constitución no seu seo de grupos de traballo para asistir a dita xunta no desempeño das súas funcións que poderán ter ou non carácter permanente.

3. En todo o non previsto neste artigo, o réxime de funcionamento da Xunta do Padroado será o establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8. *Competencias da Xunta do Padroado.*

Son competencias da Xunta do Padroado as seguintes:

- a) Establecer as prioridades de actuación da entidade para o mellor cumprimento dos seus fins.

- b) Autorizar a adquisición, alleamento e gravame dos bens inmobles.
- c) Ser oída no nomeamento e cesamento dos vogais da Xunta propostos polo presidente.
- d) Aprobar o anteproxecto do orzamento anual da entidade.
- e) Aprobar as contas anuais da entidade.
- f) Asesorar o presidente da Obra Pía en cantos asuntos concirnan a xestión da entidade e, en xeral, velar polo correcto funcionamento da entidade en relación cos fins que ten encomendados.

Artigo 9. *O presidente da Obra Pía.*

1. O presidente da Obra Pía é o subsecretario de Asuntos Exteriores e de Cooperación.
2. Correspóndelle ao presidente:
 - a) Convocar, presidir e moderar as reunións da Xunta do Padroado.
 - b) Nomear e cesar os vogais da Xunta do Padroado e o director.
 - c) Desempeñar a representación ordinaria da entidade nas súas relacións cos organismos públicos e privados.
 - d) A administración e o arrendamento dos bens da entidade.
 - e) A celebración dos acordos e convenios.
 - f) A contratación en nome da entidade, así como propor o gasto e ordenar os pagamentos, correspondentes á execución do orzamento da entidade.
 - g) A concesión de axudas e subvencións que outorgue a dita entidade.
 - h) A contratación do persoal.
 - i) Render as contas anuais aprobadas ao Tribunal de Contas por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 10. *O director da Obra Pía.*

1. Ao director correspóndelle a dirección e xestión ordinaria da entidade.
2. Son competencias do director as seguintes:
 - a) Preparar os asuntos da orde do día das reunións da Xunta do Padroado e executar os seus acordos.
 - b) Formular as contas anuais da entidade.
 - c) Elaborar e presentar á Xunta do Padroado para a súa aprobación o anteproxecto de orzamento e as contas anuais da entidade.
 - d) Desempeñar a xefatura do persoal da entidade, a súa xestión e réxime disciplinario propio da entidade.
 - e) Ditar as resolucións e instrucións de carácter organizativo e de réxime interior para o bo funcionamento da entidade.
 - f) Propor á Xunta do Padroado cantas actuacións xulgue necesarias ou convenientes para o funcionamento da entidade.
 - g) Exercer cantas competencias lle deleguen a Xunta do Padroado e o presidente, e cantas outras non estean atribuídas expresamente aos restantes órganos da entidade.
3. Desempeñará o cargo de director da Obra Pía o funcionario destinado no Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación que fose nomeado, para tales efectos, na relación de postos de traballo do dito departamento. O seu nomeamento corresponderá ao presidente da Obra Pía como subsecretario do dito ministerio.

Artigo 11. *Fin da vía administrativa.*

Poñen fin á vía administrativa todos os actos, acordos e resolucións da Xunta do Padroado e do seu presidente, de conformidade co establecido no número 3 da disposición adicional décimo quinta da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

CAPÍTULO III

Réxime económico e de persoal

Artigo 12. *Réxime patrimonial.*

O réxime de xestión patrimonial da entidade será o previsto para os organismos autónomos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, sen prexuízo do respecto estrito aos compromisos asumidos no Acordo entre o Reino de España e a Santa Sé sobre asuntos de interese común en Terra Santa e anexo, feito en Madrid o 21 de decembro de 1994.

A Obra Pía terá plena capacidade para adquirir e allear os seus bens. Cando se trate de bens inmoables, comunicarao previamente ao ministro de Facenda e Administracións Públicas, sen que resulte de aplicación o disposto nos artigos 81.3 e 116.2 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

O procedemento para o alleamento dos bens inmoables será o establecido no Regulamento xeral da Lei do patrimonio das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto, para o alleamento de bens inmoables no estranxeiro, ben que a competencia para tramitar, informar e resolver o procedemento lles corresponderá aos propios órganos da entidade.

Artigo 13. *Bens e recursos económicos.*

Os bens e recursos económicos da Obra Pía son os seguintes:

- a) Os bens e valores que constitúan o seu patrimonio e os seus produtos e rendas.
- b) As consignacións e transferencias que anualmente se lle asignen nos orzamentos xerais do Estado.
- c) Os ingresos derivados da xestión do seu patrimonio e do exercicio das actividades que constitúen os seus fins.
- d) As subvencións, doazóns, herdanzas e legados que outorguen ao seu favor persoas públicas ou privadas.
- e) Calquera outro recurso que poida serlle atribuído.

Artigo 14. *Réxime de contratación.*

O réxime de contratación da entidade será o previsto no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Artigo 15. *Réxime orzamentario.*

O orzamento da Obra Pía axustarase á estrutura orzamentaria que sinale o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, para os efectos da súa integración nos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 16. *Réxime de contabilidade e de control.*

A contabilidade da entidade axustarase ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e no Plan xeral de contabilidade pública.

Sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Contas pola Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, a xestión económica financeira da Obra Pía dos Santos Lugares estará sometida ao control da Intervención xeral da Administración do Estado nos termos que establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro. O control financeiro permanente realizarao a Intervención Delegada da Intervención Xeral da Administración do Estado no Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Artigo 17. *Réxime tributario.*

O réxime tributario da entidade será o previsto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

A entidade Obra Pía dos Santos Lugares será considerada entidade beneficiaria do mecenado, para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Artigo 18. *Réxime de persoal.*

1. O persoal da Obra Pía será funcionario ou laboral, nos mesmos termos que os establecidos para a Administración xeral do Estado.

2. O persoal funcionario estará integrado por funcionarios do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación adscritos á entidade.

3. A contratación e réxime retributivo de persoal laboral observará o establecido na Lei de orzamentos anual e no correspondente catálogo de postos de traballo. Para o persoal de nova contratación, aplicarase o Convenio colectivo único da Administración xeral do Estado.

Artigo 19. *Inspección de servizos.*

A Inspección Xeral de Servizos do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación asumirá a inspección da Obra Pía.